

## **XLVI CERTAME DE XORNALISMO «BEGONTE E O NADAL»**

---

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da XUNTA DE GALICIA, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o XLVI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL» que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Pode tomar parte neste certame quen publique, en calquera xornal, revista ou en Internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos nos que se faga referencia ao Nadal en Begonte e en xeral ao Nadal en Galicia.
2. Concederanse os seguintes premios:
  - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
  - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
3. A remisión de orixinais que se presenten ao Certame, hase de facer ao correo electrónico [info@belendebegonte.es](mailto:info@belendebegonte.es), antes das 12,00 horas do día 6 de xaneiro de 2022, indicando os datos do/a autor/a. A cada envío seralle acusado recibo polo mesmo medio.
4. Quen desexa entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, no prazo que se indica.

# **BASES**